

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025657	de Mugardos	Mugardos	2020/2021

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AGA	Agraria	CBAGA01	Agroxardinaría e composicións florais	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3057	Materiais de floraría	2020/2021	5	119	142

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PATRICIA BLANCO VIGO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional con código MP3057 contén a formación asociada ás funcións de adquisición, recepción e acondicionamento de materia prima, material e produtos naturais de floraría, así como á función de limpeza e mantemento de instalacións de floraría, coñecendo e cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondente.

O centro está localizado nunha zona cun pequeno número de florarías.

Este módulo acredita as unidades de competencia, UC1112_1: realizar operacións auxiliares de mantemento das instalacións, da maquinaria, dos equipamentos e das ferramentas de floraría e UC1113_1: recibir e acondicionar materias primas e materiais de floraría, da cualificación profesional "Actividades auxiliares en floraría" AGA342_1 (Real decreto 108/2008, do 1 de febreiro):

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Recepción e acondicionamento do material vexetal empregado nunha floraría	Na primeira unidade vanse a explicar as operacións de recolección e acondicionamento do material vexetal, as ferramentas e os materiais utilizados en ditos procesos.	50	35
2	Sistemas de xestión dunha floraría	Nesta unidade veranse ideas básicas sobre o negocio da floraría, os produtos-servicios, o mercado, a clientela, o plan de vendas e o sistema de xestión.	53	35
3	Operacións de limpeza e mantemento das instalacións de floraría	Nesta unidade vaise falar dos utensilios e produtos de limpeza, tamén do mantemento das instalacións e maquinaria empregada nunha floraría, a limpeza e desinfección dos produtos, sobre o mantemento das flores e plantas e a secuencia e periodicidade de todo elo para mante un correcto nivel de limpeza e desinfección. Por último, estudarase a clasificación dos residuos xerados e a mellor forma de xestionalos.	32	20
4	Normativa medioambiental e de prevención de riscos laborais nos traballos de floraría	Na última unidade vanse tratar diferentes normas de prevención de riscos laborais e a normativa medioambiental que se debe cumprir e respetar durante calquera traballo desenvolto nunha floraría	7	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Recepción e acondicionamento do material vexetal empregado nunha floraría	50

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza operacións de recepción e acondicionamento de material vexetal, recoñecendo as especies e as técnicas establecidas que se utilizan frecuentemente nos traballos de arranxos florais	SI
RA2 - Conserva o material vexetal destinado ao secado, aplicando as técnicas máis frecuentes	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os órganos dunha planta
CA1.2 Clasifícanse as especies vexetais en función das partes que se utilizan para composicións ou arranxos florais
CA1.3 Indicáronse os conceptos de flor cortada natural e flor ou planta silvestre
CA1.4 Citouse unha taxonomía básica
CA1.5 Identifícanse as técnicas de recepción do material vexetal
CA1.6 Practicáronse as técnicas de conservación do material recibido
CA1.7 Identifícanse os materiais e as ferramentas de recepción e acondicionamento
CA1.8 Utilizáronse os materiais e as ferramentas de recepción e acondicionamento, e deixáronse limpos para o seu próximo uso
CA1.9 Seguíuse a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais nas operacións de recepción e acondicionamento de material vexetal
CA2.1 Identifícanse as flores e as plantas máis usuais que poden desecarse
CA2.2 Practicáronse as técnicas de preparación e conservación do material vexetal
CA2.3 Seleccionouse e manipulouse o material vexetal
CA2.4 Aplicouse a técnica de secado e/ou prensa do material
CA2.5 Aplicouse as técnicas de tinguidura do material vexetal
CA2.6 Acondicionouse o material preparado e transformado para a súa óptima conservación
CA2.7 Utilizáronse os materiais, as ferramentas e os equipamentos necesarios para a aplicación de cada técnica
CA2.8 Mantivéronse as zonas de traballo da súa responsabilidade en condicións de orde, limpeza e seguridade
CA2.9 Utiliza os equipamentos de protección individual adecuados

Crterios de avaliación

CA2.10 Seguiuse a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais nas operacións de conservación do material vexetal

4.1.e) Contidos

Contidos

Nocións sobre morfoloxía vexetal.

Elementos vexetais na arte floral. Temporadas de comercialización.

Conceptos de flor cortada, flor silvestre, flor fresca, flor seca e flor artificial.

Técnicas básicas de recepción de flores e plantas.

Técnicas básicas de conservación de flores e plantas.

Materiais e ferramentas.

Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais nas operacións de recepción e acondicionamento de material vexetal.

Técnicas de secado ao aire libre, de secado artificial, de prensado e de tinguidura de plantas: procedementos.

Técnicas de conservación do material transformado.

Equipamentos, materiais e ferramentas.

Equipamentos de protección individual.

Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais nas operacións de preparación e conservación do material vexetal.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Sistemas de xestión dunha floraría	53

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recibe e clasifica os materiais e as materias primas, verificaos e ordénaos segundo a súa tipoloxía	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse e clasifícanse os materiais e as materias primas que con maior frecuencia hai nunha floraría
CA3.2 Describiuse e realizouse o proceso de encarga e recepción de pedidos, utilizando o sistema de comunicación indicado
CA3.3 Distingúronse os conceptos de albará, nota de entrega e factura
CA3.4 Distingúronse os tipos e as técnicas de desembalaxe
CA3.5 Distingúronse as características de calidade básicas de flores e plantas
CA3.6 Comunicáronse as incidencias xurdidas de posibles danos ou erros, e rexistráronse no documento apropiado
CA3.7 Utilizáronse os equipamentos de protección individual axeitados
CA3.8 Seguiuse a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais nas operacións de carga e descarga de insumos

4.2.e) Contidos

Contidos
Materias primas e materiais dunha floraría.
Clasificación.
Proceso de pedido e recepción de insumos.
Normas de atención a provedores/as.
Albará, nota de entrega e factura.
Tipos de embalaxe.
Criterios comerciais de calidade de flores e plantas.
Procedemento de devolución.
Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais nas operacións de carga e descarga de insumos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Operacións de limpeza e mantemento das instalacións de floraría	32

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza as operacións de acondicionamento e almacenaxe de materiais, materias primas e produtos naturais, identificando as técnicas e os métodos	NO
RA5 - Limpas os equipamentos, os materiais e as ferramentas, seleccionando e aplicando os produtos de limpeza máis adecuados	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Enumeráronse as condicións óptimas de conservación e almacenaxe dos materiais e das materias primas
CA4.2 Indicáronse as técnicas de almacenaxe en atención ao tipo de produto e ao espazo onde se deba colocar
CA4.3 Indicáronse as técnicas básicas de conservación de flores e verde natural
CA4.4 Cortáronse e limpáronse os talos das flores e o verde natural
CA4.5 Aplicáronse as técnicas de conservación da auga nas flores naturais
CA4.6 Aplicáronse técnicas de apertura de flores segundo instrucións
CA4.7 Deixouse o lugar de traballo limpo e ordenado
CA4.8 Clasificáronse e separáronse correctamente os refugallo en cada contedor, segundo as normas establecidas
CA5.1 Asumíronse as necesidades de limpeza dos equipamentos, dos materiais e das ferramentas, identificando as partes que requiren especial atención canto a posibles riscos e deterioracións
CA5.2 Identificáronse os produtos de limpeza máis apropiados para cada caso a través das súas etiquetas informativas e da información de catálogos e da rede TIC
CA5.3 Limpáronse as follas das plantas e das flores con coidado e co método máis apropiado
CA5.4 Mantéñense, límpanse e ordénanse os equipamentos, os materiais e as ferramentas
CA5.5 Deixouse limpo e ordenado o posto de traballo
CA5.6 Clasificáronse os residuos procedentes da actividade dunha floraría e/ou dun taller de floraría

4.3.e) Contidos

Contidos
Criterios de almacenaxe e colocación de materiais e materias primas.
Criterios de almacenaxe e colocación de materias primas naturais.
Técnicas básicas de conservación das materias primas naturais.
Métodos para acelerar ou demorar a apertura das flores.

Contidos

Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais nas operacións de acondicionamento e almacenaxe de materiais, materias primas e produtos naturais.

Normas de orde e limpeza nas operacións de acondicionamento e almacenaxe de materiais, materias primas e produtos naturais.

Necesidade de limpeza de instalacións, equipamento, material e ferramentas.

Produtos de limpeza. Interpretación da etiquetaxe e da información de catálogos e da rede TIC.

Limpeza de plantas naturais.

Clasificación dos residuos xerados nunha floraría: tratamento.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Normativa medio-ambiental e de prevención de riscos laborais nos traballos de floraría	7

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Conserva o material vexetal destinado ao secado, aplicando as técnicas máis frecuentes	NO
RA3 - Recibe e clasifica os materiais e as materias primas, verifícaos e ordénaos segundo a súa tipoloxía	NO
RA4 - Realiza as operacións de acondicionamento e almacenaxe de materiais, materias primas e produtos naturais, identificando as técnicas e os métodos	NO
RA5 - Limpa os equipamentos, os materiais e as ferramentas, seleccionando e aplicando os produtos de limpeza máis adecuados	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.9 Utiliza os equipamentos de protección individual adecuados
CA2.10 Seguiuse a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais nas operacións de conservación do material vexetal
CA3.7 Utilizáronse os equipamentos de protección individual axeitados
CA3.8 Seguiuse a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais nas operacións de carga e descarga de insumos
CA4.9 Utilizáronse os equipamentos de protección individual axeitados
CA4.10 Seguiuse a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais nas operacións de acondicionamento e almacenaxe de materiais, materias primas e produtos naturais
CA5.7 Seguiuse a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais na limpeza dos equipamentos, dos materiais e das ferramentas

4.4.e) Contidos

Contidos
Equipamentos de protección individual.
Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais nas operacións de carga e descarga de insumos.
Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais no manexo dos produtos de limpeza, equipamentos e residuos. Equipamentos de protección individual.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles aparecen contemplados no apartado 4.c) desta programación.

Criterios de cualificación:

Todas as probas serán cualificadas de 0 a 10, de xeito que o alumno ou alumna obterá a avaliación positiva no módulo se obtén unha cualificación maior ou igual a 5 logo de facer as ponderacións das probas tal e como se establen a continuación:

- Probas obxetivas escritas/prácticas e ou orais :40%

- Cualificación dos traballos e tarefas de floraría realizados 60% Tendo en conta o grao de exución das tarefas 35%, mantemento das ferramentas e zona de traballo 10%, iniciativa destreza e actitude 7,5% e aplicación das normas medioambientais e de protección 7,5%.

A puntuación mínima será dun 3,5 en cada parte para facer media entre as probas obxectivas e a cualificación das tarefas de floraría.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Asignarásese unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados. Durante este período traballarase os resultados de aprendizaxe non acadados e os conceptos non asimilados. Unha vez realizado este proceso o alumno/a deberá demostrar que acadou os contidos mínimos exigibles, mediante a realización dunha proba escrita e práctica. Para superar o módulo o alumnado debe acadar un 5 sobre 10 nesta proba.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Segundo o artigo 20.5 da Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas, a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo non lle será de aplicación ao alumnado de ciclos formativos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Entregárase ao xefe de departamento un informe de seguimento da programación para avaliar o desenvolvemento da mesma. Tamén se farán reunións co equipo docente da parte específica para realizar unha posta en común para a coordinación dos módulos e evolución que levan. Ao finalizar cada trimestre fázase unha enquisa ao alumnado para valorar a práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A través da observación do alumno/a e das actividades desenvolvidas durante as primeiras semanas do curso, coñecerase o perfil do alumnado co que se vai a traballar. As observacións realizadas serán: Actitudes, habilidades académicas, necesidades de reforzo ou ampliación e adaptación á clase.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Medidas de atención á diversidade; Trátase de detectar casos de alumno/as que requiran unha atención especial referente ao seu proceso de aprendizaxe. Tamén contaremos con información despois da avaliación inicial do alumnado con diferentes necesidades de atención ou de apoio. Adaptarás as actividades por parte da profesora para o alumnado que o precise. Si fose necesario solicitarase flexibilización modular.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O profesor traballará os seguintes temas transversais en relación coa actividade profesional que están realizando, e engadirá aqueles que poidan xurdir durante o curso en función do grupo e momento.

- Igualdade efectiva entre home e muller: no grupo de clase como no ámbito profesional, constatase un predominio numérico das mulleres adicadas ao sector da floraría; é importante neste senso concienciar aos alumnos da importancia do respecto mutuo entre ambos xéneros e do principio de igualdade retributiva por traballo de igual valor.
- Concienciación medio ambiental, faremos fincapé especialmente na recollida selectiva de residuos, orde e limpeza dos postos de traballos e no medio ambiente. Ademais da consideración importante do uso de produtos fitosanitarios que se deben empregar no sector.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visita ao centro educativo dunha florista.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía

En canto a metodoloxía, a maioría das tarefas e dos contidos propostos nas unidades didácticas subiranse ao Classroom para que o alumnado poida ter acceso en calquera momento. Os recursos dixitais serán utilizados na maioría das actividades. Este módulo é complicado para que o alumnado adquira moitas das habilidades de forma telemática, pois non contaría cós recursos e materiais necesarios, pero no caso que fose necesario algunhas das actividades prácticas explicaríanse a través de vídeos.